
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

REÚNENSE

Don..., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don..., reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e representación desta entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 47/2014, do 24 de abril, (DOG do 25 de abril).

EXPOÑEN

1. Que ambas as institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. Que o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito ao alumnado.

2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería

de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

3. Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades, públicas e privadas, entre elas, as universidades galegas.

4. Que é vontade das partes asinantes colaborar para promover e fomentar o uso do galego en todos os planos da actividade universitaria galega, para o que se levarán a cabo as medidas necesarias de cara á formación do persoal, tanto profesorado como alumnado e de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade de Vigo.

5. Que, neste sentido, a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo xa asinaron no ano 1991 un convenio marco de colaboración para desenvolver diversas actuacións para conseguir a normalización lingüística no ámbito universitario. Logo do tempo transcorrido, e como queira que as dúas institucións manifestaron a súa vontade e continuar colaborando, considerouse conveniente asinar convenios anuais para establecer o marco de actuación de ambas as institucións en materia de política lingüística.

6. Que, para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, pola singularidade do seu obxecto, características e ámbito de actuación, non é posible promover a concorrencia pública, pois a Universidade de Vigo é unha institución cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por lei orgánica e

polos seus propios estatutos.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade de Vigo para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

Segunda.- Obrigas da Universidade de Vigo

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura do presente convenio a Universidade de Vigo comprométese a levar a cabo durante o ano 2017 as seguintes accións, que se englobarán dentro das seguintes epígrafes:

1. Actividades de formación en lingua galega: 16 cursos
- 2.. Actividades de normalización:
 - Organización de xornadas
 - Convocatoria dos premios de poesía, relato curto e tradución.
 - Asesoramento para a tradución ao galego de traballos de investigación.
 - Elaboración de material de normalización.
 - Elaboración dun estudio sociolingüístico sobre o uso do galego na Universidade de Vigo

O programa de actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2017 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

A Universidade de Vigo comprométese a publicar e difundir debidamente os materiais científicos e didácticos en galego obxecto deste convenio en soporte papel e na páxina

web, para poñelos á disposición dos investigadores e do público en xeral, sempre e cando conte coa autorización do propietario intelectual dos materiais.

Terceira.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no presente convenio ascenden a un total de **cincuenta e un mil euros (51.000,00 €)**, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes coa seguinte desagregación:

1.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio cunha achega total por importe de **vinte e seis mil euros (26.000,00 €)**, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, que se destinarán ás seguintes accións, desagregadas por partidas orzamentarias:

- Cursos de formación en lingua galega: **catorce mil euros (14.000,00 €)**, con cargo á partida 10.30.151A.640.2, que se destinará ao pagamento do profesorado que imparte os cursos, actividades de extensión cultural, material didáctico, etc.
- Actuacións de normalización (xornadas, elaboración de materiais, convocatoria de premios, asesoramento para a tradución de traballos de investigación, elaboración de material de normalización, elaboración dun estudo de sociolingüístico sobre o uso do galego na UDV) **doce mil euros (12.000,00 €)**, con cargo á partida 10.30.151A.640.0

2.- A Universidade de Vigo achegará a cantidade restante de **vinte e cinco mil euros (25.000,00 €)** con cargo á aplicación 20170000421SNLI dos orzamentos da Universidade de Vigo, que se destinará aos gastos seguintes:

20170000421SNLI Capítulo 2

- Cursos de formación en lingua galega: **tres mil euros (3.000,00 €)**, para o pagamento do profesorado que imparte os cursos, gastos de material e actividades de carácter didáctico.
- Actuacións de normalización: organización de xornadas, congresos; elaboración de material de normalización; elaboración dun estudo sociolingüístico sobre o uso do galego na Universidade de Vigo: **catro mil catrocentos euros (4.400,00 €)**

20170000421SNLI Capítulo 4

- Actuacións de normalización: Premios de poesía, relato curto e tradución; asesoramento para a tradución e elaboración en galego de traballos de investigación (axudas para a elaboración de traballos de investigación en lingua galega): **dezasete mil seiscientos euros (17.600 €)**

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reducirase proporcionalmente.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a cantidade que se achega e que se indica na estipulación anterior, a Universidade de Vigo presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) do/da xerente da Universidade da execución das actividades do convenio, xunto coas correspondentes notas de cargo emitidas polo servizo correspondente da UDV.
- Un informe (unha copia en soporte papel e outra en soporte dixital) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, entregárase un exemplar do material, reproducións ou publicacións elaboradas na realización das actividades acordadas.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A Universidade de Vigo facilitará toda a información que lle sexa requirida por pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sexta.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Sétima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.

Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.

De ser resolto o convenio, a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se fose o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas e os correspondentes xuros.

Oitava.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas no acordo primeiro e a Xunta, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto do presente convenio, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes da Universidade de Vigo.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décima.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo primeira.- Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta

estipulación.

Décimo segunda.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector

público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaránselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación novena.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O reitor Magnífico da
Universidade de Vigo

ANEXO AO CONVENIO 2017

ACTIVIDADES DA ÁREA DE NORMALIZACIÓN

1. Cursos de formación 17.000€ (14.000+3.000)

- 2 cursos de extensión cultural para alumnado de intercambio
- 1 obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas
- 2 cursos de como expoñer o teu traballo de investigación
- 2 cursos de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación
- 2 cursos de redacción de documentos administrativos
- 2 cursos de galego: actualízate
- 2 cursos de escribir en internet
- 2 cursos de redacta con claridade e mellora a túa redacción
- Un curso de achegamento á lingua e cultura galega

2. Actuacións de normalización 34.000 € (12.000+22.000)

- Organización de xornadas, congresos: **2.000 € (1.000+1.000)**
- Organización de xornadas sobre as redes sociais e a publicidade en galego no ámbito empresarial
- Premios de poesía, relato curto e tradución. **8.000 € (4.400+3.600)**
 - Pagamento dos premios 2017
 - Pagamento da edición dos premios 2017
- Asesoramento para a tradución e elaboración en galego de traballos de investigación
14.000€ (14.000)
 - Axudas para a elaboración de traballos de investigación en lingua galega 2017
 - Asesoramento lingüístico e terminolóxico
- Elaboración de material de normalización **6.000€ (5.000+1.000)**
 - Edición de plotters, polípticos, carteis, mapas etc
 - Continuación de elaboración de material da campaña *Na Universidade, en galego sen dúbida*
 - Portal web de Neoloxismos: xestor e páxina de divulgación.

- Elaboración dun estudo sociolingüístico sobre o uso do galego na Universidade de Vigo

4.000 € (1.600+2.400)

- Segunda fase do estudo: recollida, procesamento avaliación dos datos.

TOTAL ACTIVIDADES DO CONVENIO	51.000€
XUNTA	26.000€
UNIVERSIDADE	25.000€